

DECRETO

EXCMO. SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN FUNCIÓNS

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AS OBRIGAS ECONÓMICAS DERIVADAS DA COTA DE PARTICIPACIÓN NA FUNDACIÓN ROF CODINA 2025

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 24-2025, por un importe total de 15.929,29 €, dentro do vixente orzamento municipal, para dar cobertura as obrigas económicas derivadas da cota de participación municipal á Fundación Rof Codina no exercizo 2025, según pon de manifesto na súa solicitude a xefa de servizo de Educación, Beatriz Pérez Traseira coa conformidade da concelleira de Educación e Difusión do Coñecemento, o 11.08.2025.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2025/1273, do 13.08.2025, así como o mandamento contable RCMOD Ref.: 50832/2025, por importe de 15.929,29 €, do día 13.08.2025

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 15.929,29 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
32605.12003	15.929,29 €	32600.48900	15.929,29 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	15.929,29 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	15.929,29 €

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.